

SALIDA

MANCOMUNIDAD MUNICIPIOS RIAVEGA  
 Registro L. 116  
 Ferrol, 10 de maio de 2017



**MANCOMUNIDADE**  
 Concellos da Comarca  
 de Ferrol

O Pleno da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Ferrol en sesión celebrada o 13 de marzo de 2017 adoptou o seguinte acordo:

**“3.- Dar conta de subvencións solicitadas e concedidas.**

**3.1.- Subvencións da Axencia Turismo de Galicia a entidades locais para o apoio aos investimentos para o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural.**

Preséntase ao pleno a memoria valorada da dotación de aseos de tempada accesibles en cada un dos concellos da Mancomunidad.

O xerente explica que a subvención da Xunta de Galicia pode alcanzar como máximo os 50.000 €, polo que se require compromiso de financiamento do restante orzamento polos concellos da Mancomunidad, que procede distribuír de forma equitativa toda vez que o investimento é idéntico en todos os concellos.

En consecuencia, as condicións económicas do proxecto son as seguintes:

	Base imponible	IVE	Total
Execución material	40.980,06 €	8.605,81 €	49.585,87 €
Beneficio industrial	2.458,80 €	516,35 €	2.975,15 €
Gastos xerais	5.327,40 €	1.118,75 €	6.446,15 €
<b>Total</b>	<b>48.766,26 €</b>	<b>10.240,91 €</b>	<b>59.007,17 €</b>
Honorarios técnicos: Redacción de proxecto	750,00 €	157,50 €	907,50 €
<b>Total investimento</b>			<b>59.914,67 €</b>
Subvención máxima			50.000,00 €
Cofinanciamento			9.914,67 €
Achega por concello			1.101,63 €

Á vista do anterior as persoas asistentes acordan por unanimidade:

1.- Aprobar o proxecto presentado á convocatoria de subvencións da Axencia Turismo de Galicia a entidades locais para o apoio aos investimentos para o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural do ano 2017.

2.- Aprobar as condicións económicas do proxecto e a súa distribución equitativa entre os concellos, que representa unha achega de 1.101,63 € por municipio.





**MANCOMUNIDADE**  
Concellos da Comarca  
de Ferrol

3.- Notificar o presente acordo co obxecto de que polo órgano competente de cada un dos concellos se aprobe o compromiso de financiamento nos termos indicados, que deberá ser notificado á Mancomunidad á maior brevidade.

4.- Unha vez concedida a subvención á Mancomunidad, tramitarase un expediente de modificación de crédito para o financiamento destes gastos, que poderá ser aprobado polo presidente da Mancomunidad baseándose no presente acordo, sen prexuízo do establecido no punto 3"

Comunícollo a Vde. para o seu coñecemento e efectos, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa (BOE 14.07.1998).

Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

No Concello de Ferrol, a 9 de maio de 2017.

O SECRETARIO DA MANCOMUNIDADE



**CONCELLO DE CABANAS**